


OS SERES VIVOS E AS SÚAS RELACIÓNS II



Ola! A continuación, tendes a segunda ficha coas actividades para repasar o tema dos seres vivos. Lede moi ben o que se vos pide e respondede con calma.

1. Une cada parte da planta coa súa función.

Transporta a auga e sales minerais a todas as partes da planta.

RAICES

É o órgano reprodutor de moitas plantas.

TALO

Absorbe a auga e sales minerais do terreo.

FOLLAS

Nelas as plantas fabrican o seu alimento.

FLORES

2. Ordena con números os pasos do proceso de fotosíntese das plantas.



O zume bruto sube polo talo ata as follas.



O zume elaborado vai a todas as partes da planta a través do talo.



As raíces absorben o auga e sales minerais (zume bruto).




A folla absorbe dióxido de carbono e luz. Isto mesturase co zume bruto e fórmase o zume elaborado.



A planta expulsa osíxeno como refugallo.

3. Coloca o nome das partes da flor no seu lugar correspondente.



Sépalos

Estames

Pétalos

Pistilo

4. Completa as oracións coas seguintes palabras.

cooperación

consumidores

medio físico

produtores

seres vivos

competición

- Os animais reciben o nome de _____ porque se alimentan doutros seres vivos.
- As plantas reciben o nome de _____ porque fabrican o seu propio alimento.
- Cando os seres vivos se relacionan para reproducirse, conseguir alimento, etc. Están levando a cabo unha relación de _____.
- Cando dous ou máis individuos loitan pola comida, espazo, etc. Están levando a cabo unha _____.
- Un ecosistema é un conxunto de _____ e o _____ no que viven.

